

# PROPOSTAS DIDÁCTICAS 8 MARZO

A través desta serie de actividades que presentamos, pretendemos que todo o alumnado, dende os máis pequenos ata os maiores, analicen as desigualdades que existen entre homes e mulleres e que, dende a educación, adquiran un espírito crítico ante esta desigualdade, así como que a igualdade sexa o eixe principal nas súas relacións

## Actividades 0-3 anos

Reunidos en asemblea:

1. Repártese a cada alumna e alumno as cartas da baralla de escritoras que previamente se elaborou. Cada persoa describe a carta que ten e tentamos adiviñar de quen se trata.
2. Dividímonos en grupo. Cada grupo collerá ao azar un conto da cesta. Lerase e dirase o nome da autora. Buscaremos entre todas e todos quen ten a carta da autora do conto. Falaremos da autora e colocaremos nun expositor a foto ao lado do conto que lemos.

## Actividades 3-6 anos

1. O profesorado invita ao alumnado a sentarse en círculo. Previamente coloca unha cartolina onde están debuxados un home e unha muller. Entre toda a clase buscamos as diferenzas e as imos anotando. Aproveitamos para reflexionar se mulleres e homes fan o poden facer as mesmas cousas e traballos.
2. Repartidos polo espazo asígnaselle ao alumnado unha tarefa da casa que soen realizar as mulleres e unha tarefa que fagan habitualmente os homes. Ao toque do tambor, facemos a tarefa, ao parar o son cambiamos a tarefa que teñen os nenos pola das nenas que atopos e viceversa. Cada vez que soe o tambor comezamos a facer a nova tarefa.
3. Realizar o debuxo do traballo que máis nos gustou. Expoñemos os debuxos no taboleiro e comentamos cal nos gustou máis, quen fai ese traballo na nosa casa, se o poden facer homes e mulleres, cal é o traballo máis difícil. O profesorado axudará a analizar as respostas do alumnado normalizando o feito de que homes e mulleres poden realizar os mesmos traballos, ter os mesmos dereitos e cobrar o mesmo.

## Actividades 6-9 anos

### 1. A quen me quero parecer

O obxectivo xeral é coñecer os referentes que ten o alumnado.

Obxectivos específicos:

- Representar pictóricamente á persoa referente.
- Valorar o xénero dos referentes.
- Extraer conclusións sobre as diferentes referencias que ten o alumnado.

Preparación previa:

Lugar: aula

Materiais: un folio DIN4 para cada alumno/a e un post-it. Pizarra e tiza.

Desenvolvemento: cada un debuxará ao seu referente nun folio, ademáis de poñer o nome do mesmo no post-it. A mestra ou mestre dividirá o encerado en dous cunha liña vertical e escribirá masculino nun lado e feminino noutro. Cada alumno e alumna levantarase por orde e pegará o seu post-it no lado da pizarra que corresponda. Cando estean todos pegados farase unha reflexión conxunta sobre o número de referentes en cada xénero. Posiblemente as nenas terán referentes masculinos nun número importante mentres que os referentes dos nenos serán todos masculinos, facer unha reflexión sobre esta situación.

Duración: 20 minutos

## Actividades 6-9 anos

### 2. O meu moral morado

Crearemos un mural onde cada participante deberá representar as tarefas que estiveron realizando en casa nos meses de confinamento (tempo libre, escola e fogar). Logo lles preguntaremos polas súas familias e terán que facer o mesmo (representar a cada membro da súa familia facendo as súas respectivas tarefas).

Con esta actividade queremos que o alumnado sexa consciente do reparto do tempo xa sexa nas tarefas domésticas, no traballo, no tempo libre e se cren que o traballo está repartido igualitariamente ou non. Tamén se lles proporá que elixan un título, para o mesmo, en función do que representaron entre todas e todos.

Materiais: papel continuo, lapis, cores, tesoiras, pegamento, cartolinas, xornais, imaxes, fotografías, etc.

## Actividades 9-12 anos

### 1. Análise dunha noticia

RÉCORD DE ALCALDESAS EN ESPAÑA, aínda que segue a haber o triplo de rexedores varóns (Xoves, 27 de xuño de 2019)

Murcia é a Comunidade Autónoma que conta con máis alcaldesas nos seus municipios, e o PSOE o partido con máis mulleres rexedoras.

Xa se constituíron practicamente todos os concellos españois despois das eleccións municipais do pasado 26 de maio. Nas máis de 8.000 localidades das que xa se teñen datos, 1.751 están gobernadas por mulleres, récord histórico de número de alcaldesas que rexen municipios.

Pero, aínda que este sexa un dato positivo, o número de rexedores homes supéraas por tres: 6.291 alcaldes en total. En porcentaxe, os homes ostentan o 78,23% dos gobernos locais españois, e as mulleres o 21,77%, segundo datos de Maldita.es.

Na anterior lexislatura, cos comicios de 2015, o número de mulleres que conseguiron alcaldías foi de 1.666, 85 menos que neste ano. Se imos máis atrás, ás primeiras eleccións municipais os datos son moi diferentes, xa que en 1979 só houbo 104 alcaldesas en España, fronte a 8.358 homes.

- 1.- Despois de ler este texto ¿Que sentes?
- 2.- ¿Paréceche xusto?
- 3.- ¿Cres que as mulleres non están preparadas para ser alcaldesas?
- 4.- ¿Pensas que os homes son mellores alcaldes que as mulleres?
- 5.- Segundo a túa opinión ¿que debemos facer para cambiar esta situación?

## Actividades 9-12 anos

### 2. Análise da realidade do teu centro

A diferenza que existe no número de alcaldesas e alcaldes da noticia anterior tamén se pode observar ao noso redor. Propoñémosvos que fagades unha pescuda do número de mulleres e homes que hai no voso centro e fagades unha reflexión cos resultados.

Nº de mulleres	Porcentaxe de mulleres	Nº de homes	Porcentaxe de homes
----------------	------------------------	-------------	---------------------

Mestras/es

Equipo directivo

Outro persoal

Limpeza, comedor, etc.

Exemplos de preguntas para o debate posterior.

- Por que hai máis mulleres que homes no traballo de mestra/e?
- E no de limpeza/comedor/etc?
- Por que as mulleres ocupan máis traballos dedicados ao coidado das persoas?
- Que outros empregos están ocupados maioritariamente por mulleres? E por homes?